

Onde está o meu corazón?

O "Corazón" é o núcleo máis íntimo e auténtico, o centro unificador da persoa, é o que dá sentido a todo o que se vive, lugar de desexos e opcións vitais que guían a existencia; é o lugar da sinceridade, onde non se pode enganar nin disimular. Normalmente indica as verdadeiras intencións, o que realmente se pensa, crese e quérese.

Esta idea convídanos a preguntarnos: Cal é a realidade que máis me importa? Onde poño a miña esperanza, as miñas enerxías, a miña vida, o meu corazón? A resposta pode asumir diversos matices, como o amor, o don, a relación cos demais, pero tamén o status económico, a fama, o éxito, o poder, ou as propias seguridades.

A verdadeira liberdade parte ante todo do corazón. Os bens exclusivamente materiais, do mesmo xeito que se acumulan poden tamén desvanecerse polos vaivéns da vida. O desapego deles pode axudar a vivir o traballo e o esforzo cotián para coa sociedade, cun compromiso máis transparente superando a ansiedade, a inquietude e o medo ao mañá.

«Hoxe —afirma o papa Francisco— *todo cómprase e págase, e parece que o mesmo sentido da dignidade depende de cousas que se obteñen co poder do diñeiro. Empúxasenos só a acumular, consumir e distraernos, prisioneiros dun sistema degradante que non nos permite mirar máis aló das nosas necesidades inmediatas*»¹.

A experiencia dinos que é necesario volver continuamente á vida verdadeira, que é o mellor "investimento" pola que comprometerse. Non pensando en nós mesmos, senón nos demais, experimentando así unha verdadeira liberdade.

Lémbrenolo o filósofo e humanista Erich Fromm cando afirma que «*Dar é a máxima expresión da potencia. No acto mesmo de dar, experimento a miña forza, a miña riqueza, o meu poder. Esta experiencia de maior vitalidade e potencia éncHEME de ledicia*»².

Interroguémonos ante cada acción: Cal é o motivo que me empuxa a facer así? E se vemos que temos que reorientar a intención, fagámolo con decisión. Veremos que o noso corazón libérase de ataduras e condicionamentos.

¹ Papa Francisco "Dilexit Nos" no. 218

² Erich Fromm *The Art of Loving* (1956).